

## **Somos moitos na familia!**

Ola:

Son Peru, teño 4 anos e gústanme moito os dinosauros.

Vivo con máis xente nunha fermosa casa: coa miña nai Oihana, co meu cadeliño Bixi e máis con Xanti e Maialen.

---

Dende a miña casa vexo o colexio e nel, gústame moito xogar cos meus amigos. O que máis me presta e trocar nos cromos.

A miña mestra chámase Aratz e ás veces saúdoa dende a xanela do meu cuarto.

---

Nestes últimos días ando ensumido. Na escola pedíronnos unha foto familiar e non sei se teño algunha.

---

Díxenlle a miña nai que precisaba dunha foto. Miramos en todo os caixóns, mais non atopamos ningunha onde saíamos toda a familia.

Iso púxome triste.

---

De súpeto a miña nai tivo unha idea.

-Peru, ¿que che parece se facemos un xantar todos xuntos?

E con moita ledicia resposteille:

-Siiiiii!! E sacaremos a foto para levar á escola.

---

Somos moita xente e querémonos moito. Estou contento porque nos xuntamos toda a familia no parque.

---

¡Estou moi contento coa miña foto de familia!! Hoxe na escola explicareilles a todas e todos como é a miña familia e que fago coa miña tia, co meu tío, coa miña avoa...

---

Esta é Ione e venme a buscar á escola en bicicleta.

Imos xuntas na bicicleta e ás veces pídolle que corra, pero outras dáme medo e ela vai máis amodo. Adoitamos ir ó monte a ver animais.

---

Estes son Omar, Khadija e Mamadou, os meus veciños e tamén parte da familia. Adoitamos xantar con eles os domingos. O meu amigo Mamadou díxome que no ventre de Khadija hai un meniño e que lle van chamar Farax. Quere dicir "ledo" en Somalí.

¡A familia vai medrar!

---

Esta é a miña avoa Tere e vive noutro pobo. Adoita vir en tren a visitarnos e merendamos xuntos. O que máis nos gusta comer é tortilla de patacas e uvas.

---

Esta é Kris e vive nun monte moi alto. A miña nai mais eu escribímoslle cartas e ela, ás veces, mándanos algún agasallo dende aló.

---

Estes son Bernat e Fátima. Tocamos xuntos un tambor algo peculiar que se chama "Djambe".

¡Moito me presta o seu son para bailar!! Na súa casa acostúmase a comer cous-cous e a min gústame moito.

---

Estes son Amaiur e Eider. Cando a miña nai vai traballar, eles cóidannos a Mamadou e a min. Adoitamos ir ver ós parrulos todos xuntos.

---

Á noiteña, Xanti e Maialen cóntanme un conto para durmir pracementeiramente.

Téñolle medo aos lobos e cando non dou durmido, pídolles que queden comigo.

---

Saín da escola cheo de ledicia logo de amosar como é a miña familia.

¡Veume buscar miña nai e démonos unha aperta moi forte!

---

(texto da contraportada)

A través do conto que téis entre mans daremos conta dunha familia marabillosa que se quere moito.

Falamos dunha rede de coidados na que conviven diferentes cores de pel, culturas e relixións.

Peru ten catro anos e presentaranos ós membros da súa familia ó longo deste conto. Con cada un vive aventuras diferentes.

¿Vés connosco? Hai sitio para ti.